

Resolución do 13 de novembro de 2023 da Dirección Xeral de Recursos Humanos pola que se anuncia convocatoria pública de colaboración temporal por orde de servizo dun/ha facultativo/a especialista de área en farmacia hospitalaria ou dun/ha farmacéutico/a de atención primaria na Subdirección Xeral de Farmacia, dependente da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

De conformidade coas competencias que lle atribúe o artigo 7.f) da Orde do 22 de abril de 2020 (Diario Oficial de Galicia nº 82, do 29 de abril) de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, e con base nas instrucións ditadas por esta dirección xeral o 1 de agosto de 2019, sobre a incorporación a servizos centrais da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde de persoal estatutario fixo en orde de servizo, este centro directivo RESOLVE

Anunciar a convocatoria pública de colaboración temporal, por orde de servizo, facultativo/a especialista de área en farmacia hospitalaria ou dun/ha farmacéutico/a de atención primaria para o desempeño de funcións no Servizo de Uso Racional do Medicamento e Atención Farmacéutica da Subdirección Xeral de Farmacia, dependente da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, conforme as seguintes

BASES

1.- As persoas solicitantes deben reunir o requisito de ser persoal estatutario fixo da categoría de facultativo/a especialista de área en farmacia hospitalaria ou de farmacéutico/a de atención primaria do Servizo Galego de Saúde, con destino neste organismo ou en calquera das entidades adscritas ao Sergas ou á Consellería de Sanidade (ACIS, ADOS, Galaria, F.P. Urgencias Sanitarias de Galicia – 061 e INGO). Soamente se autorizará, con carácter excepcional, a incorporación de persoal interino no





caso de que non houberse aspirantes que reunisen a condición de persoal estatutario fixo, ou a convocatoria quedase deserta.

2.- As retribucións do posto ofertado serán con cargo á praza e ao centro de xestión ao que estea adscrito o interesado, sen que en ningún caso teña dereito ao percibo de axudas de custo, gastos de traslado nin ningún outro cargo para o Servizo Galego de Saúde.

3.- As funcións a realizar son:

- a) Elaboración de informes técnicos de avaliación de medicamentos, que inclúan aspectos básicos relacionados coa eficacia, seguridade e custo dos mesmos, e sirvan de asesoramento ás comisións e programas de uso racional de medicamentos: informes para a Comisión Autónoma Central de Farmacia e Terapéutica e informes de Posicionamento Terapéutico en colaboración coa *Agencia Española del Medicamento*.
- b) Elaboración de protocolos, procesos integrados de atención, guías de práctica clínica e outras recomendacións baseadas na revisión sistemática da literatura científica.
- c) Edición e publicación de boletíns de información farmacoterapéutica.
- d) Resolución de consultas sobre información de medicamentos.
- e) Desenvolvemento e avaliación de programa de mellora na calidade ao paciente crónico polimedicado.
- f) A coordinación dos comités asesores da utilización terapéutica da hormona do crecemento, da esclerose múltiple e do tratamento de pacientes con déficit de alfa-1-antitripsina.
- g) Realización de estudos de utilización de medicamentos e elaboración de indicadores, dirixidos a mellorar a calidade, seguridade e eficiencia da prescrición de medicamentos e produtos sanitarios.
- h) Deseño e implementación de actividades e intervencións dos Programas de Optimización de uso de antibióticos (PROA).





4.- Valoraranse os seguintes coñecementos e habilidades:

- a) Coñecementos e experiencia na avaliación da eficacia/efectividade e seguridade dos medicamentos. Análise crítica dos ensaios clínicos e estudos observacionais. Metodoloxía e interpretación das comparacións indirectas e das análises de subgrupos.
- b) Coñecementos de estatística descritiva e estatística inferencial.
- c) Coñecementos de Epidemioloxía. Medidas de frecuencia e medidas de asociación dos estudos epidemiolóxicos.
- d) Coñecementos (técnicas e instrumentos básicos) e experiencia na avaliación económica de medicamentos e estudos de impacto orzamentario.
- e) Coñecementos na metodoloxía de selección de medicamentos para a elaboración de guías farmacoterapéuticas, e experiencia de traballo en comisións de uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios.
- f) Coñecemento e experiencia de traballo en programas de revisión da medicación e programas de seguridade do paciente.
- g) Coñecemento e manexo dos sistemas de análise complexa da prestación farmacéutica (SIAC- PF).
- h) Coñecemento de indicadores de calidade da prescrición: definición e atributos dos indicadores. Tipos de indicadores. Fontes de datos. Selección e deseño de indicadores.

5.- A solicitudes para participar na presente convocatoria, segundo o modelo do anexo, deben ir acompañadas dun currículo laboral e poderán presentarse no rexistro xeral dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, ou a través de calquera dos procedementos do artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación na páxina web do Sergas.



6.- A resolución desta convocatoria farase pública na páxina web do Sergas, e poderá declararse deserto o posto ofertado.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, ante o xulgado do contencioso-administrativo competente de conformidade co establecido nos artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente, e con carácter previo, poderase interpoñer recurso administrativo de reposición ante este órgano directivo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Recursos Humanos
do Servizo Galego de Saúde
[sinatura dixital ao marxe]
Ana María Comesaña Álvarez

DILIXENCIA: Para facer constar que con esta mesma data procédese á publicación da presente Resolución.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2023.



Mercedes Castro Seijas
Subdirectora Xeral de Xestión de Profesionais





ANEXO
MODELO DE SOLICITUDE

DATOS DA CONVOCATORIA
Resolución do 13 de novembro de 2023 da Dirección Xeral de Recursos Humanos (18_23)
Desempeño temporal de funcións de persoal da categoría de facultativo/a especialista de área en farmacia hospitalaria ou de farmacéutico/a de atención primaria na Subdirección Xeral de Farmacia, dependente da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

DATOS PERSOAIS	
Apelidos e nome:	DNI:
Dirección:	Teléfono:
Email:	

DATOS PROFESIONAIS	
Categoría profesional:	Indique vínculo: Fixo [] Interino []
Centro no que presta servizos:	

SOLICITO sexa admitida a presente solicitude para participar na convocatoria indicada na parte superior.

Acompáñanse os seguintes documentos:

- Currículo laboral
- Outros (indique cales):

(sinatura)



DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS HUMANOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

